

A NOSA TRADICIÓN ORAL 10

FARRUCO

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_TrOr_0011_001_en_0_00_11_id679_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_TrOr_0011_001_en_0_00_11_id679.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral

MATERIAL DISPOÑIBLE

Audio mp3, transcripción e comentarios

DATA DE RECOLLIDA: 1994-1995

LOCALIZACIÓN:

Concello: Ordes
Provincia: A Coruña
País: Galicia

INFORMANTE: Sen información

RECOLLEDOR: Fernando (alumno I.B. Eduardo Pondal, Santiago)

COMPILADORA: Araújo Muíños, Anxos (profesora)

COLECCIÓN: A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudio, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

Historia lida e interpretada, non contada. O interese do texto xustifica a súa inclusión neste arquivo a pesar de non utilizar un xeito de narración natural. Ao tratarse de traballos escolares de recolla, en ocasións, as pezas son escritas previamente na familia para logo ser reproducidas e gravadas.

Outra transcripción en: *R.Burla-17*. Páx. 43. Realizada por: Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez

Clasificación: Romances burlescos e picarescos

PALABRAS CHAVE

romance, burla, desafío, parrafeo, picaresca

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Escoita mozo bizarro / que che quero preguntar
que falabas onte á noite / cando eu viña de lavar.
- Non sei por que me preguntas / pois non recordo de nada
pero de ti non falei, / non seas tan mal pensada.
- Ti eres mui pillo, Farruco, / xa te conozo de vello
a todas lles andas dando / palabra de casamento.
- Non has de ser tan celosa, / non me fagas rabear
sólo a ti che din palabra / e contigo hei de casar.
- Eu mesma che oín decir / á filla da tía Xuana
que te casabas con ela / e a min que me deixabas.
- Non armes esa mentira / porque te vas a ... condenar,
si andas con esas cousas / vou ter que te olvidar.
- Olvídame cando queiras / que eu por ti non hei chorar,
un bandallo coma ti / nunca me ha de faltar.
- Si son bandallo, pirra, / tú que serás? Cousa fea!
si tu non tes no teu corpo / cousa que teña ben feita.
- Pra ser como ti, meu vello, / pouco fai falta estudar,
non sei de donde saliches / tan feo e tan folgazán.
- Folgazana serás tú / porque xa cho dá o xeito,
andas feita unha porcona, / siquiera peinas o pelo.
- Vaite lavar, porco teixo, / que non te lavas na vida
e non te chegues a min / que me cheiras a morriña.
- Cala tú, cara de mona, / narices de porco chato,
moito presumes de guapa / e non vales un pataco.
- Tú si que andas presumindo / de rico e de bon mozo
e eres un pobre mangante / máis feo que un raposo.
- Cala tú, pernas torcidas, / barriga de pandereta,
andas tola por casar / e non topas quen te queira.
- Tú si que andas doente / correndo detras das mozas
e sempre ca boca aberta / parece un papamoscas.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Non teño gana de leria, / mira si calas a boca,
que nesa cara de burra / vouche pegar unha torta.
- Que me vas a pegar ti, / cara de poucos amigos,
si ti non tes corazón / pra espantar un mosquito.
- Si teño valor ou non / voucho decir enseguida,
do primeiro puñetazo / non paras hasta Castilla.